



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Psicología do desenvolvemento	Código	652G03003	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Psicología Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Ferradás Canedo , María del Mar	Correo electrónico	mar.ferradasc@udc.es	
Profesorado	Ferradás Canedo , María del Mar	Correo electrónico	mar.ferradasc@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.			C4
Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.		B1	
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.			C4
Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.		B3	
Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.		B2	C6
Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.	A9		
Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.			C1
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		B6	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.	A1		
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.	A4		

Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción á Psicología do desenvolvemento	Concepto de desenvolvemento Obxecto da Psicología do desenvolvemento Ámbitos, etapas e contextos de desenvolvemento Factores determinantes do desenvolvemento Evolución histórica da Psicología do desenvolvemento
Perspectivas teóricas na Psicolxía do desenvolvemento	Modelos e paradigmas na Psicología do desenvolvemento Principais orientacións teóricas na Psicología do desenvolvemento: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Teorías psicoanalíticas</li> <li>- Teorías da aprendizaxe</li> <li>- Teorías cognitivas</li> <li>- Teorías sociobiolóxicas</li> <li>- Teorías contextuais</li> </ul>



Métodos e deseños na Psicoloxía do desenvolvemento	Metodoloxía experimental e cuasi-experimental Metodoloxía non experimental - Metodoloxía de autorreporte - Metodoloxía observacional - Estudos de caso - Rexistros psicofisiolóxicos - Estudos etnográficos Deseños de investigación na Psicoloxía do desenvolvemento - Deseños lonxitudinais - Deseños transversais - Deseños secuenciais
O desenvolvemento na infancia	Desenvolvemento físico na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía Desenvolvemento cognitivo na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía Desenvolvemento lingüístico na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía Desenvolvemento socio-emocional na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía
O desenvolvemento na adolescencia	Desenvolvemento físico: adrenaquia e gonadaquia Desenvolvemento cognitivo: a etapa das operacións formais Desenvolvemento socio-emocional: - Autoconcepto e autoestima - Relacións familiares - Relacións cos iguais - Relacións de parella
O desenvolvemento na etapa adulta	Cambios físicos na xuventude e na madurez Desenvolvemento cognitivo na xuventude e na madurez: intelixencia e procesamento da información Desenvolvemento socio-emocional na xuventude e na madurez: traballo, relacións sociais, matrimonio, fillos.
O desenvolvemento na vellez	Cambios físicos na vellez Desenvolvemento cognitivo: a memoria das persoas maiores O benestar psicolóxico na vellez

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	15	15	30
Lecturas	3	3	6
Análise de fontes documentais	10	10	20
Portafolios do alumno	3	12	15
Proba mixta	3	30	33
Resumo	2	2	4
Actividades iniciais	1	0	1
Solución de problemas	2	0	2
Xogo de rol (role playing)	2	0	2
Prácticas de laboratorio	2	0	2
Discusión dirixida	6	0	6



Glosario	1	1	2
Sesión maxistral	21	0	21
Atención personalizada	6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Lecturas compartidas de documentos e postos en común
Lecturas	Lecturas dos libros e documentos máis importantes desta materia para o seu posterior debate na aula. Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introductorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ó longo do semestre. Inclúe todo o traballo realizado : notas de clases, tarefas desenvolvidas, resumos, dificultades atopadas , comentarios etc. É froito do traballo tutelado e continuo en torno ós diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos.
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións prantexadas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente
Resumo	O resumo consiste na síntese dos principais contidos traballados.  O alumnado empregará esta metodoloxía para recopilar a información adquirida nas clases interactivas xa que é un recurso óptimo para facilitar a comprensión dos textos e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Solución de problemas	Técnica segundo a cal debe resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos traballados previamente
Xogo de rol (role playing)	Os xogos de rol son un elemento de práctica de entrevista ante diferentes dificultades coas que se poden atopar os profesionais da Educación Social.
Prácticas de laboratorio	Prácticas realizadas en clase coa finalidade de reforzar o coñecemento e a comprensión de diversos temas de especial interese.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, coordinados por un moderador.
Glosario	Catálogo de palabras dunha mesma disciplina, dun mesmo campo de estudo, etc., definidas ou comentadas. Ao remate de cada tema, os estudantes deberán adxuntar ao portafolios unha recopilación dos termos claves xunto coa súa definición.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Proba mixta	Tanto a preparación do exame como a realización das actividades que se incluírán no portafolio serán obxecto de atención individualizada ao longo do curso durante as horas de titorías.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introductorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ó longo do semestre. Inclúe todo o traballo realizado : notas de clases, tarefas desenvolvidas, resumos, dificultades atopadas , comentarios etc.	30
Proba mixta	Proba escrita (preguntas de resposta breve e tipo test) utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións prantexadas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente.	70

## Observacións avaliación

Opción A. ALUMNADO QUE ASISTE E PARTICIPA NA AULA (&gt; 85%):O sumatorio das cualificacións obtidas na proba mixta (máx. 7 puntos) e no portafolio (máx. 3 puntos) constitúe a cualificación final da materia.

A cualificación final será a media entre a cualificación dos coñecementos teóricos (exame) e prácticos (portafolio). Esta media só se realizará cando &nbsp;se obteña un mínimo de 3,5 e de 1,5 puntos respectivamente.

Opción B. ALUMNADO QUE NON ASISTE NA AULA (&lt; 85%)A avaliación farase en función da cualificación obtida na proba mixta. Este alumnado non poderá presentar o portafolio, dado que as actividades que nel se inclúen desenvolveranse fundamentalmente nas clases interactivas. Polo tanto, a máxima cualificación á que optan é dun 7. Isto é, deberán obter un mínimo de 5 puntos (sobre 7) para superar a asignatura.

Opción C. ALUMNADO DE OUTRAS CONVOCATORIASSe aplicará a opción A ou B segundo sexa o caso.&nbsp;

NOTAS.1. No caso de terse aprobada só unha das partes (teoría ou práctica), esta manterase aprobada soamente na convocatoria de xullo.2. A cualificación de NP darase a aquel alumnado que non participa de ningunha das metodoloxías de avaliación descritas

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Papalia, D. E., Olds, S. W. y Feldman, R. S. (2010). Desarrollo humano. . México D. F.: McGraw Hill.</li> <li>- Serulnikov, A., y Suárez, R. (2001). Piaget para principiantes. Buenos Aires, Argentina: Era Naciente SRL</li> <li>- Papalia, D. E., Olds, S. W. y Feldman, R. S. (2009). Psicología del desarrollo. De la infancia a la adolescencia. México D. F.: McGraw Hill.</li> <li>- Giménez-Dasí, M. y Mariscal, S. (2008). Psicología del desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia.. UNED: McGraw Hill.</li> <li>- Delgado, B. (2008). Psicología del desarrollo. Desde la infancia a la vejez. . UNED: McGraw Hill.</li> <li>- Santrock, J. W. (2006). Psicología del desarrollo. El ciclo vital. . Madrid: McGraw Hill.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías